



Procedemento de admisión de alumnos/as para o vindeiro curso 2016//2017. Lexislación: Orde de 12 de marzo de 2013(Doga nº 53 do 15 de marzo de 2013) pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado que desenvolve o Decreto 254/2012 de 13 de decembro. A continuación hai un pequeno resumo, que no pode abarcar tódolos supostos que aparecen na Orde, polo que é conveniente que a consulten na páxina da Consellería de Educación www.edu.xunta.es, na secretaría do centro ou no taboleiro de anuncios.

➤ **SOLICITUDES DE ADMISIÓN:**

- Prazo de presentación do **1 ao 29 de marzo** (ambos inclusive).

Documentación necesaria:

- 1) Impreso de solicitude Anexo II debidamente cuberto. Deberase relacionar nel por orde de preferencia todos os centros nos que se solicita praza. É importante poñer dous números de teléfono. No caso de separación dos proxenitores, este impreso entregarase asinado polos dous proxenitores agás que a patria potestade a teña recoñecida mediante resolución xudicial un dos dous en exclusiva (entregar copia da sentenza xudicial).
- 2) Fotocopia do **libro de familia, onde consten todos os membros da unidade familiar.**
- 3) Fotocopia do **DNI do alumno e do pai, nai ou titor.**
- 4) **Certificado de empadramento, con todos os membros da unidade familiar.** No caso de que o menor conviva con outros familiares, é necesario **Certificación específica de convivencia real**, expedida polo Concello a partir dos informes da Policía Local ou da Garda Civil.
- 5) **Tarxeta sanitaria do alumno e dos pais.**
- 6) **Só se pode presentar unha única solicitude.**
- 7) **Non se recollerá a documentación que estea incompleta.**

**Se para un determinado curso (pode pasar en infantil) hai máis solicitudes que prazas ofertadas polo centro, terase que realizar un proceso de baremo. Este proceso consistirá na presentación de xustificantes dos criterios de baremo que se relacionan a continuación (a non presentación dos xustificantes suporá a renuncia a ser baremado nese apartado):*

Documentación para o baremo:	Puntos
Domicilio dentro da área de influencia do centro: Certificado do Padrón municipal	Máximo 6
Domicilio dentro das áreas de influencia do centro: Certificado do Padrón Municipal	Máximo 3
Pola proximidade do lugar de traballo ao centro (non é compatible coa do domicilio familiar)	Máximo 4
Por ter un irmá/n matriculado no centro	Máximo 8
Pola segunda e seguintes irmá/irmáns matriculados no centro	Máximo 2 por cada un
Por ser traballador/a do propio centro	Máximo 3
Calcular a renda familiar do ano 2014: sumar os recadros 430+ 445 da renda (sempre os dous cónxuxes), e dividilo polos membros da unidade familiar. (IPREM 6.390,13 €). Non é necesario presentar a renda.	Máximo 3
Familia numerosa: fotocopia compulsada do libro de familia numerosa que deberá estar ó día	Máximo 3
Pola condición de discapacitado (Achegar documentación acreditativa)	Máximo 4
Criterio establecido polo centro: pai, nai ou titor/a cursara estudos no Ceip Santa Baia	Máximo 1

FORMALIZACIÓN DE MATRICULA (no caso de ser admitido o alumno):

PRAZO: DO 20 Ó 30 DE XUÑO (INFANTIL E PRIMARIA)

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- 1) Impreso de formalización (anexo III)
- 2) Boletín de vacinas do alumno.
- 3) Fotos tamaño carné **co nome e apelidos por detrás**: 4 para infantil, 2 para primaria.
- 4) Se é o caso achega documental xudicial no que se especifique quen ten a titoría do neno/a (separacións ...)
- 5) Achegar documentación médica en caso de alerxias ou enfermidades graves.

NOTA: SÓ SE RECOLLERÁ A DOCUMENTACIÓN QUE ESTEA COMPLETA.

Se, finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

MOI IMPORTANTE: “Os alumnos admitidos en cada centro formalizarán a matrícula nel do 20 ó 30 xuño. Transcorrido este prazo, se o alumno non formalizase a matrícula entenderase que renuncia á praza”. (art. 40 da Orde 12-03-2013).

Prégase que comunique ó centro calquera renuncia ou baixa.